

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA  
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*Decreto 65/1997, do 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia.*

A Lei 7/1996, do 10 de xullo, promulgada co obxecto de promover o desenvolvemento comarcal de Galicia, estableceu, no seu artigo 27, que a aplicación formal e temporal do Plan de Desenvolvemento Comarcal se concretaría nun mapa comarcal, no que aparecería a delimitación territorial das distintas comarcas.

O devandito precepto establecía que a aprobación do mapa comarcal así como as sucesivas modificacións del, efectuaríanse por decreto do Consello da Xunta de Galicia e do acordo co procedemento sinalado nos artigos 28 ó 33 da mencionada lei.

Aprobado inicialmente o documento xustificativo do mapa comarcal por acordo da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 23 de outubro de 1996, publicado no DOG nº 211 do 28 de outubro con anexo á orde da mencionada consellería do 25 de outubro de 1996 e cumpridas as prescricións legais en relación coa exposición pública para presentación de alegacións, o Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial procedeu ó estudio e dictame das presentadas, efectuando as respostas e aclaracións oportunas para a súa resolución; rematando, deste xeito, o proceso formal previo á aprobación definitiva do mapa comarcal de Galicia.

Polo exposto, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte de febreiro de mil novecentos noventa e sete,

**DISPÕÑO:**

Artigo único.—De conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, queda aprobado definitivamente o mapa comarcal de Galicia, concretado nos documentos de texto e cartográficos que figuran anexos ó presente decreto.

**Disposicións derradeiras**

Primeira.—Facultase o conselleiro da Presidencia e Administración Pública para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente decreto.

Segunda.—De conformidade co disposto no artigo 32 da Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, a Consellería da Presidencia e Administración Pública adoptará as medidas precisas para a publicación deste decreto no *Boletín Oficial del Estado*.

Terceira.—O presente decreto entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte de febreiro de mil novecentos noventa e sete.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez  
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

**ANEXO I**

Vista a proposta do mapa comarcal de Galicia efectuado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial e presentado polo director do mesmo gabinete con data 18 de outubro de 1996.

Visto o acordo da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 23 de outubro de 1996 polo que se aproba inicialmente o documento xustificativo do mapa comarcal de Galicia; sométese o dito documento a exposición pública para alegacións polo período dun mes, publicando o acordo no *Diario Oficial de Galicia*, BOP respectiva e en dous xornais de maior difusión da Comunidade Autónoma;ponse o devandito documento a disposición dos interesados nas delegacións provinciais da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, a partir da data de publicación do acordo e dáse traslado, do expresado documento, ás deputacións provinciais e concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Delegación do Goberno nela, polo mesmo período, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen convenientes.

Vista a orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 25 de outubro de 1996, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 28 de outubro de 1996, pola que se dispón a publicación, para efectos de exposición pública, do documento xustificativo do mapa comarcal de Galicia.

Vistas as certificacións dos secretarios das delegacións provinciais da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, polas que se acredita a exposición pública para alegacións da proposta do mapa comarcal de Galicia e demais documentación que lle acompaña, de conformidade co exposto no artigo 2 da mencionada orden.

Vistos os escritos do 24 de outubro de 1996, do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, polos que se lles dá traslado da repetida proposta do mapa comarcal de Galicia con a documentación que se lle acompaña ás diputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra así como a Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia; e coa mesma data os escritos remitidos polo director do Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial a tódolos concellos da Comu-

nidade Autónoma, co obxecto de que polo mesmo período dun mes formulen as alegacións que estimen convenientes á proposta do mapa comarcal de Galicia.

Vistas e analizadas as alegacións efectuadas á proposta do mapa comarcal de Galicia por:

1. Os concellos de:

Abegondo, Arteixo, Boiro, Camariñas, A Capela, Cedeira, Culleredo, Dodro, Fene, Fisterra, Lousame, Mazaricos, Monfero, Muros, Noia, Outes, Padrón, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Porto do Son, Rianxo, Rois, Santa Comba, Santiago de Compostela, Toques, Val do Dubra, Vimianzo, Zas, Alfoz, Baleira, Baralla, Begonte, Burela, Cervo, Chantada, Foz, Friol, Guntín, O Incio, Lán cara, Mondoñedo, Navia de Suarna, Outeiro de Rei, O Páramo, Pol, Portomarín, Rábade, Riotorto, Sarria, Triacastela, Taboada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Xove, Baños de Molgas, O Barco de Valdeorras, Castro Caldelas, A Gudiña, Lobios, Maceda, Pontedeua, Taboadela, Vereia, Arbo, Bueu, Campo Lameiro, Cangas, Catoira, Cerdedo, Marín, Pazos de Borbén, Ponteareas, Poio, Sanxenxo, Tui, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa.

2. Os grupos políticos:

Bloque Nacionalista Galego, Bloque Nacionalista Galego de Ferrolterra e Bloque Nacionalista Galego de Lousame; Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE) de Negreira e de Noia; Partido Popular (PP) de Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Muros e Zas.

3. Os colectivos:

*Asociación de Vecinos San Andrés de Zas.*

*Federación de Asociaciones de Vecinos Pico Meda de Zas.*

*Asociación Cultural Adro, Baio, Zas.*

*Agrupación Deportiva Su A Agra, Baio, Zas.*

*Vecinos del Ayuntamiento de Muros .*

*A.P.E. Ría de Muros. Muros.*

*Cofradía de Pescadores de Muros.*

*Asociación de Padres de Alumnos del Colegio Nacional Comarcal de Muros.*

*Sociedad Filatélica y Numismática de Muros.*

*Asociación Cultural Virgen del Carmen de Muros.*

*Club Baloncesto Muros.*

*Asociación de Padres de Alumnos Agra de Filgueira, Louro-Muros.*

*Club de Remo de Muros.*

*Asociación Local de Autotaxis, Muros.*

*Asociación de Amas de Casa de Muros.*

*Asociación de Mujeres Rurales de Muros.*

*Sociedad Cinagética Muradana. Muros.*

*Comunidad de Vecinos, San Juan de Serres, Muros.*

*Asociación de Vecinos As Mimosas, Serres, Muros.*

*Asociación de Empresarios de Porto do Son.*

*Claustro del Instituto de Bachillerato Virxe do Mar de Noia.*

*Cofradía de Pescadores San Andrés de Portosín. Porto do Son.*

*Asociación de Amas de Casa y Consumidores de Noia.*

*Asociación de Vecinos Santa Mariña do Obre, Noia.*

*La Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia.*

*Asociación de Vecinos Santiña de Noia.*

*Organización de Productores de Cultivos Mariños de la Ría de Muros y Noia. Noia.*

*Asociación de Vecinos Monte de Carracido, A Barquiña. Noia.*

*Usuarios Plaza de Abastos de Noia.*

*Asociación Cultural Goiáns de Porto do Son.*

*Club del Mar de Noia.*

*Club de Atletismo de Noia.*

*Asociación Curro da Enxa. Porto do Son.*

*Grupo de Teatro del Curro. Noia.*

*Asociación de Mujeres Rurales de Porto do Son.*

*Asociación Cultural Goiáns, Portosín. Porto do Son.*

*Asociación de Empresarios de Academias do Barbanza.*

*Club de Pensionistas de Noia.*

*Asociación Cultural y Deportiva Enxa. Porto do Son.*

*Asociación de Mujeres Rurales de Castro de Baroña, Porto do Son.*

*Club Fútbol de Portosín. Porto do Son.*

*Asociación Comunidad de Montes de Goiáns. Porto do Son.*

*Asociación de Mujeres Rurales de Portosín. Porto do Son.*

*Asociación Comunidad de Montes de Baroña. Porto do Son.*

*Asociación de Mujeres Rurais de Noia.*

*Asociación de Empresarios de Hostelería de Noia.*

*Asociación Cultural Pola Maza. Noia.*

*Club Baloncesto Noia.*

*Asociación de Vecinos San Lois de la Parroquia de Boa. Noia.*

*Asociación Deportiva ASDECOVE, de Boa. Noia.*

*Asociación Coral Polifónica de Noia.*

*Xuventudes Católicas Noiesas. Noia.*

*Claustro do Instituto de Ensino Secundario e Profesional de Noia.*

*Asociación de Vecinos O Cutiño. Noia.*

*Asociación de Vecinos y Cultural Cruceiro do Río. Noia.*

*Asociación de Vecinos AYÓN. Noia.*

*Consejo Escolar Colegio Jaime Balmes. Noia.*

*Claustro de Profesores Colegio Jaime Balmes. Noia.*

*Asociación Xuventudes Noiasas Arca de Noé. Noia.*

*Colegio Público Alejandro Rodríguez Cadarso. Noia.*

*Alternativa Xoven. Porto do Son.*

*Club Náutico Portosín. Porto do Son.*

*Peña Deportivista Berberecho. Noia.*

*Asociación de Vecinos Barro. Noia.*

*Asociación de Padres de alumnos del Colegio Público Alejandro Rodríguez Cadarso. Noia.*

*Asociación de Actividades Empresariais de Noia.*

*Colexio de María Assumpta. Noia.*

*Asociación de Padres de Alumnos del Colegio de María Assumpta. Noia.*

*Federación de Empresarios de A Mariña de Lugo. Burela.*

*Asociación de Vecinos O Vencello. Burela.*

*Mancomunidad de Terra de Celanova. Celanova.*

*Asociación Cultural O Fiadeiro. Muíños.*

*Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo. Marín.*

*Club Ciclista Marín.*

*Asociación Cultural Trompos ós Pes. Marín.*

*Asociación Cultural Amigos dos Rapaces. Marín.*

*Federación de Asociación de Vecinos Ría de Marín. Marín.*

*Asociación de Ayuda al Toxicómano Marín Erguete. Marín.*

*Club San Miguel. Marín.*

*Asociación de Vecinos Praia de Loira. Marín.*

*Asociación de Vecinos de Marín.*

#### 4. Os particulares:

Alegación conxunta de Roberto Mouzo Lavandeira e Andrés Pose Pérez, Vimianzo. Pedro García Vidal, Santiago. M<sup>a</sup> Pilar Vázquez Cardama, Noia. M<sup>a</sup> Berta Nieto Villar, Noia. Carmen Suárez Santos, Noia. José Rosende González, Noia. Ramón Caamaño Mariño, Lousame. Antonio Teira Teira, Lousame. Emilio Figueiras Lojo, Lousame. M<sup>a</sup> Teresa Abuín Ces, Lousame. Celso Gómez Fernández, Navia de Suarna. Aleixandre B. Campo, Vigo.

Estudiadas e dictaminadas todas e cada unha das referidas alegacións polo Gabinete de Planificación

e Desenvolvemento Territorial e efectuadas as correccións que se estimaron procedentes á proposta do mapa comarcal de Galicia,

#### RESOLVO:

Elevar ó Consello da Xunta de Galicia a documentación constitutiva do mapa comarcal de Galicia para a súa aprobación definitiva e que queda configurado da forma seguinte:

#### COMARCAS DA PROVINCIA DA CORUÑA

ARZÚA: comprende os concellos de: Arzúa, Boimorto, Pino (O), Touro.

A BARBANZA: comprende os concellos de: Boiro, Pobra do Caramiñal (A), Rianxo, Ribeira.

BARCALA: comprende os concellos de: Baña (A), Negreira.

BERGANTIÑOS: comprende os concellos de: Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Ponteceso.

BETANZOS: comprende os concellos de: Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos, Paderne, Vilarmaior, Vilasantar.

A CORUÑA: comprende os concellos de: Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Coruña (A), Culleredo, Oleiros, Sada.

O EUME: comprende os concellos de: Cabanas, Capela (A), Monfero, Pontedeume, Pontes de García Rodríguez (As).

FERROL: comprende os concellos de: Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugaros, Narón, Neda, San Sadurniño, Somozas (As), Valdoviño.

FISTERRA: comprende os concellos de: Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía.

MUROS: comprende os concellos de: Carnota, Muros.

NOIA: comprende os concellos de: Lousame, Noia, Outes, Porto do Son.

ORDES: comprende os concellos de: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia, Trazo.

ORTEGAL: comprende os concellos de: Cariño, Cerdido, Mañón, Ortigueira.

SANTIAGO: comprende os concellos de: Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra, Vedra.

O SAR: comprende os concellos de: Dodro, Padrón, Rois.

TERRA DE MELIDE: comprende os concellos de: Melide, Santiso, Sobrado, Toques.

TERRA DE SONEIRA: comprende os concellos de: Camariñas, Vimianzo, Zas.

XALLAS: comprende os concellos de: Mazaricos, Santa Comba

## COMARCAS DA PROVINCIA DE LUGO

**OS ANCARES:** comprende os concellos de: Baralla, Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, Nogais (As), Pedrafita do Cebreiro.

**CHANTADA:** comprende os concellos de: Carballedo, Chantada, Taboada.

**A FONSAGRADA:** comprende os concellos de: Baleira, Fonsagrada (A), Negueira de Muñiz.

**LUGO:** comprende os concellos de: Castroverde, Corgo (O), Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei, Portomarín, Rábade.

**A MARIÑA CENTRAL:** comprende os concellos de: Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Valadouro (O).

**A MARIÑA OCCIDENTAL:**

Cervo, Ourel, Vicedo (O), Viveiro, Xove.

**A MARIÑA ORIENTAL:** comprende os concellos de: Barreiros, Pontenova (A), Ribadeo, Trabada.

**MEIRA:** comprende os concellos de: Meira, Pol, Ribeira de Piquín, Riotorto.

**QUIROGA:** comprende os concellos de: Folgoso do Courel, Quiroga, Ribas de Sil.

**SARRIA:** comprende os concellos de: Incio (O), Lánacara, Paradela, Páramo (O), Samos, Sarria, Triacastela.

**TERRA CHÁ:** comprende os concellos de: Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Pastoriza (A), Vilalba, Xermade.

**TERRA DE LEMOS:** comprende os concellos de: Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, Pobra de Brollón (A), Saviñao (O), Sober.

**A ULLOA:** comprende os concellos de: Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Rei.

## COMARCAS DA PROVINCIA DE OURENSE

**ALLARIZ-MACEDA:** comprende os concellos de: Allariz, Baños de Molgas, Maceda, Paderne de Allariz, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo.

**A BAIXA LIMIA:** comprende os concellos de: Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños.

**A LIMIA:** comprende os concellos de: Baltar, Blancos (Os), Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia.

**O CARBALLIÑO:** comprende os concellos de: Beariz, Boborás, Carballiño (O), Irixe (O), Maside, Piñor, Punxín, San Amaro, San Cristovo de Cea.

**OURENSE:** comprende os concellos de: Amoeiro, Barbadás, Coles, Esgos, Nogueira de Ramuín, Ourense, Pereiro de Aguiar (O), Peroxa (A), San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén, Vilamarín.

**O RIBEIRO:** comprende os concellos de: Arnoia (A), Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Ribadavia.

**TERRA DE CALDELAS:** comprende os concellos de: Castro Caldelas, Montederramo, Parada de Sil, Teixeira (A).

**TERRA DE CELANOVA:** comprende os concellos de: Bola (A), Cartelle, Celanova, Gomesende, Merca (A), Padrenda, Pontedevea, Quintela de Leirado, Ramirás, Vereia.

**TERRA DE TRIVES:** comprende os concellos de: Chandrexa de Queixa, Manzaneda, Pobra de Trives (A), San Xoán de Río.

**VALDEORRAS:** comprende os concellos de: Barco de Valdeorras (O), Bolo (O), Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rúa (A), Rubiá, Veiga (A), Vila-martín de Valdeorras.

**VERÍN:** comprende os concellos de: Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós.

**VIANA:** comprende os concellos de: Gudiña (A), Mezquita (A), Viana do Bolo, Vilariño de Conso.

## COMARCAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

**O BAIXO MIÑO:** comprende os concellos de: Guarda (A), Oia, Rosal (O), Tomiño, Tui.

**CALDAS:** comprende os concellos de: Caldas de Reis, Catoira, Cuntis, Moraña, Pontecesures, Portas, Valga.

**O CONDADO:** comprende os concellos de: Mondariz, Mondariz-Balneario, Neves (As), Pontearreas, Salvaterra de Miño.

**DEZA:** comprende os concellos de: Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces.

**O MORRAZO:** comprende os concellos de: Bueu, Cangas, Marín, Moaña.

**A PARADANTA:** comprende os concellos de: Arbo, Cañiza (A), Covelo (O), Crecente.

**PONTEVEDRA:** comprende os concellos de: Barro, Campo Lameiro, Cotobade, Lama (A), Poio, Ponte-Caldelas, Pontevedra, Vilaboa.

**O SALNÉS:** comprende os concellos de: Cambados, Grove (O), Illa de Arousa (A), Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa.

**TABEIRÓS-TERRA DE MONTES:** comprende los ayuntamientos de: Cerdedo, Estrada (A), Forcarei.

**VIGO:** comprende os concellos de: Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Porriño (O), Redondela, Salceda de Caselas, Soutomaior, Vigo.


## ANEXO II

Documentación cartográfica:

–Mapa comarcal de Galicia.

–Mapas comarcais por provincias.

# Mapa comarcal de Galicia







## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Corrección de erros.-Decreto 65/1997, do 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia.*

Advertidos erros no citado decreto, publicado no DOG nº 63, do 3 de abril de 1997, é necesario face-las seguintes correccións:

Na páxina 3.007, columna da dereita, no apartado referente ás comarcas da provincia da Coruña, onde di: «A BARBANZA», debe dicir: «BARBANZA»; onde di: «BARCALA», debe dicir: «A BARCALA» e onde di: «O EUME», debe dicir: «EUME».

Na páxina 3.008, columna da esquerda, no apartado referente ás comarcas da provincia de Ourense, na comarca de ALLARIZ-MACEDA, onde di: «... Xunqueira de Espadanedo.», debe dicir: «... Xunqueira de Espadañedo.» e onde di «A BAIXA LIMIA», debe dicir: «BAIXA LIMIA».

## III. OUTRAS DISPOSICIÓN

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 18 de febreiro de 1997, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ratifican os estatutos da Federación Galega de Salvamento e Socorrismo.*

Vistos os estatutos da *Federación Deportiva Galega de Salvamento e Socorrismo* e a acta de aprobación da súa asemblea xeral extraordinaria do 12-1-1997.

Visto o informe da sección de rexistro de clubs e asuntos xurídicos, a Orde do 28 de xullo de 1995, de desenvolvemento do Decreto 228/1994, do 14 de xullo, regulador das federacións deportivas galegas, a Lei 10/1990, xeral do deporte e demais normativa aplicable,

#### RESOLVO:

Ratificar con efectos desde a aprobación da súa asemblea os estatutos aprobados de conformidade co artigo 8 da Orde do 28 de xullo de 1995 e autoriza-la publicación dos estatutos no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 1997.

Eduardo Lamas Sánchez  
Secretario xeral para o Deporte

Proxecto de estatutos da *Federación Galega de Salvamento e Socorrismo*

#### TÍTULO I

Disposicións xerais

#### Capítulo I

Denominación, natureza xurídica, obxecto social e domicilio

#### Artigo 1º

A *Federación Galega de Salvamento e Socorrismo*, no sucesivo FGSS, é unha entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e patrimonio propio e independente dos seus asociados, dedicada á promoción e práctica do salvamento acuático e socorrismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 2º

A FGSS rexerese polo disposto na Lei 10/1990, de 15 de outubro, do deporte; Real decreto 1835/1991, do 20 de decembro, sobre federacións deportivas españolas; Decreto 228/1994, do 14 de xullo, que regula a actividade das federacións deportivas galegas, e demais normas de aplicación, así como polos presentes estatutos, e disposicións regulamentarias de orde interna que sexan debidamente aprobadas.

#### Artigo 3º

A FGSS está integrada na *Federación Española de Salvamento y Socorrismo*, e ostenta a súa representación exclusiva na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, está integrada por todas aquelas entidades ou asociacións e agrupacións deportivas, privadas ou estatais, clubs e sociedades deportivas afiliadas, que practican a modalidade do salvamento acuático e socorrismo en calquera das súas vertentes, así como calquera outro colectivo interesado que promova, practique ou contribúa ó desenvolvemento do mencionado deporte dentro do territorio de Galicia.

#### Artigo 4º

A FGSS ten como obxecto social promocionar, dirixir e ordenar exclusivamente dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concurrentes das distintas administracións públicas, as actividades propias da súa modalidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia.

#### Artigo 5º

A FGSS dentro da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, ademais das súas funcións propias de promoción, goberno, administración, xestión e organización do salvamento acuático e socorrismo, exercerá, baixo a coordinación e tutela da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, as seguintes funcións públicas de carácter administrativo:

5.1) Fomenta-lo desenvolvemento e práctica do mencionado deporte, en tódalas súas facetas, e calquera ampliación recomendada pola *Federación Española de Salvamento y Socorrismo*, regulamen-